

Dilemas éticos no traballo con menores

Na práctica diaria do exercicio da Psicoloxía, os profesionais temos que afrontar e resolver dilemas ou conflitos relacionados con principios éticos que entran en "colisión".

Sobre o manexo destes conflitos cando estamos a traballar con menores e analizando éstos desde as diferentes áreas de intervención (clínica, educativa, xurídica e social), foi o contido da Mesa Redonda celebrada o pasado 14 de novembro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Un dos principios de maior relevancia e que, as veces, no traballo con menores, pode crearnos un conflito ou dilema sobre cómo temos que actuar, é o da confidencialidade.

A confidencialidade da información que o profesional obtén no exercicio da súa profesión, é o principio no que se sustenta a relación terapéutica. Cando se trata de menores o tema é complexo.

A Lei de Protección Xurídica do Menor reconece o dereito dos menores á súa intimidade, e, polo tanto, á confidencialidade da información obtida no desempeño do noso traballo. Os pais non sempre poden acceder á información que afecta á intimidade dos fillos, sen o consentimento destes últimos, especialmente nos tramos altos da minoría de idade: 14-16, 16-18.

Por suposto que o segredo profesional non se pode considerar un "valor absoluto", de xeito que podemos atoparnos en situacións nas que teñamos que decidir que principio ético debe prevalecer.

Nunha situación de conflito de intereses onde un dos valores sexa a confidencialidade e o outro o risco para vida, o profesional decide cómo xestionar ambos valores e inclinarse por un ou por outro vai depender do "grao" de gravidade no que se considera está en risco a vida, o "grao" de gravidade das consecuencias para terceiros se falta á confidencialidade, así como qué alternativas pode haber que salvagarden ambos valores.

Sempre que nos vexamos ante un conflito de valores, hai que decidir cada vez en función da importancia e implicación deses valores e dos diferentes elementos que confluían na situación.

É importante ter en conta, no traballo con menores, que a circunstancia mesma de someter a un menor a calquera tipo de actividade psicolóxica é confidencial, e vulneramos a confidencialidade cando emitimos informes a outros profesionais sen o oportuno consentimento.